

Nota informativa Deporte de Orientación

XXIII LIGA GALEGA

XIII TROFEO UNIVERSIDADE de VIGO

Sábado, 31 de maio de 2014

>Colaboración con DISCAMINO

Esta proba de orientación é unha carreira deportiva e solidaria. Nesta ocasión estamos colaborando con DISCAMINO. Trátase dun proxecto solidario que consiste en facer realidade o soño de persoas con diferentes discapacidades de peregrinar a Santiago.

Se podes e che apetece colaborar podes facer a túa donación de 1€ na secretaría da organización o mesmo día da proba.

>Vestuarios para os corredores.

Hai habilitados vestuarios e duchas para os corredores nas instalacións da piscina universitaria.

>Categorías e percorridos.

Os participantes da proba sen licencia de tempada so poderán apuntarse nas categorías de iniciación, ben sexa, INI-C ou INI-L. Os corredores que incumpran esta norma pasaránse a INI-L.

As categorías “fóra de competición” (FC) están reservadas para participantes con licencia de tempada que por algunha razón corren nunha categoría que non é a súa habitual.